

Señor Concelleiro de Cultura do Concello da Coruña.
Señor Deputado de Cultura da Deputación da Provincial da Coruña.
Amigas e amigos.

Sede benvindos a esta IV Xornada de Literatura Dramática. Esta actividade que organiza a sección de literatura dramática da AELG que coordina o escritor Afonso Berra, coa participación impagábel da vogal pola Coruña Cilha Lourenço, conta coa colaboración da Asociación Socio-Pedagóxica Galega, co patrocinio do Concello da Coruña, da Deputación Provincial da Coruña e de CEDRO, e a colaboración tamén da Universidade da Coruña, que nos acolle neste lugar.

Como anuncia o programa, falaremos da *Literatura dramática nas aulas*. Falaremos da *Difusión da literatura galega hoxe*, haberá unha lección maxistral a cargo do estudoso e crítico portugués Fernando Matos Oliveira; e xa á tarde, no camiño de visibilizar e abrir espazos de encontro, compartiremos eses procesos de creación de pezas en construción, que celebraremos a xeito de festival e que chamamos *Pezas dun Teatro do Porvir, Galiza + Portugal*.

Permitídemme unha breve reflexión sobre da actividade da tarde, da que Afonso Berra ten feito unha invitación pública cun fermoso texto para animar a asistir á representación das obras en construción. Permitídemme un moi breve apontamento sobre *O pracer estético da representación teatral* que analizaron os pensadores da Cachemira reelaborando ao longo dos séculos e analisando o significado do *pracer da representación teatral* que tomaron do *Tratado de Dramaturxia* elaborado no século II polo pensador Barata, quen reuniu e sistematizou textos antigos que el desenvolve analisando o pracer estético: a sabia combinación de emocións “ordinarias” ou do común, coa súa representación, e ollamos como todo se transforma en emocións estéticas polo feito da súa posta en escena. Isto faise no tempo, segundo a poeta Chantal Maillar, no que na Europa a filosofía occidental se tiña retirado de analizar o gozo, o pracer, que non consideraban, mentres na India analizábase, arredor da dramaturxia, en que consiste o pracer da representación, a súa esencia, a súa capacidade de transformación do estado da conciencia do ser humano, que ten lugar nesta experiencia estética, que é a esencia da representación.

Da mao de Óscar Pujol á hora de analizar *o rasa* ou gozo ou pracer emocional que produce participar nunca obra de arte e, concretamente, de dramaturxia. *O rasa* equivale a pracer emocional.

A poeta Chantal Maillar, titulou *o pracer da representación* e da súa mao trae a occidente as teorías estéticas dos pensadores indios, cando tentan resolver como se concretan os sentimentos ordinarios en sentimentos estéticos e o pracer que o espectador experimenta na recepción estética e mesmo cando propio espectador é o suxeito estético.

E o pracer estético é un pracer do espírito, da alma, se me permitides, no sentido máis oterían.

Faise hoxe actual, cando os mass media converten todo en representación, en espectáculo banal, dende a guerra á vida persoal, pouco a pouco o máis impersoal, uniformizadora, que nos adormece e desactiva para nos sentirmos confortabelmente seguros.

A verdadeira representación á que asistiremos hoxe, o pracer da representación, como indica o Tratado da Dramaturxia do que vos falei, non se produce ao final do espectáculo senón mentres este está a ser representado e produce no suxeito-receptor a aprendizaxe da experiencia estética ao se sentir “docemente conmovido” ao ser consciente da súa propia e íntima natureza.

Chantal Maillar fálanos da diferenza entre pracer intelectual e pracer emocional ou, entre outros, a experiencia estética, a identificación cos sentimentos do espectador, a activación do subconsciente coa representación teatral, a fruición que a experiencia estética entraña.

Non é sen porqué que o teatro ocupa o lugar máis relevante de todas as artes nunha cultura milenaria que alimentou o pensamento filosófico de occidente, de Espinoza a Schopenhauer.

O teatro no hinduísmo é o cume da creación humana, dinnos, pois o teatro reproduce a maxia cósmica e dá o coñecemento das leis que rexen os mundos. A representación teatral instrúe nas leis que rexen o universo, dinnos. Foi creado como un saber sagrado que ofrecerá refuxio nesta vida e fortificará a intelixencia.

Esta é a experiencia da que hoxe vos queremos facer partícipes ao longo desta xornada, 'Do pracer estético da representación teatral' como creadora de conciencia, como creadora de coñecemento e non só de comunicación de emocións, entre outras moitas cousas.

Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega

A Normal, A Coruña, 23 de novembro de 2019